

# I PROBA DE ORIENTACIÓN-PRECISIÓN 2018: PARADA DE SIL

## DEPORTE PARA TODOS/AS.

Centrado na lectura do mapa en terreo natural. Ofrece a todos/as, incluíndo persoas con mobilidade limitada, unha ocasión de participar de forma significativa nunha competición de orientación.

Os/as orientadores/as SEN SAÍR DOS CAMIÑOS e empregando o mapa proporcionado, coa axuda dun compás, elixen de entre un número de balizas, aquela que está representada no centro do círculo impreso tendo en conta o definido pola descrición do control.

Cada resposta correcta será un punto. Gaña o participante que máis puntos consiga. Os empates resolveranse a través dun control cronometrado.

## INSCRICIÓN

É necesario preinscribirse para saber o número de mapas que precisamos. Farase a través da web da FEGADO.

A inscrición é de balde.

**ZONA DE SAÍDA:** Pista de fútbol de Os Togas.

## INFORMACIÓN TÉCNICA

Consta dun percorrido de 10 controis máis un control cronometrado. En cada desafío atoparedes varias balizas pero só unha será a correcta.

Non haberá desafíos falsos, e dicir, no haberá “Z”.

Categoría: Unha única categoría.

O **tempo máximo** para realizar a proba é de **51 min máximo**.

Empregarase o sistema de control sportident polo que é necesario levar **pinza electrónica** para rexistrar a RESPOSTA CORRECTA.

Xestión con Sportident: Javier Arufe Varela.

**MOI IMPORTANTE LIMPAR A PINZA ELECTRÓNICA ANTES DE EMPEZAR**

Se a climatoloxía e a cobertura o permiten, poderase realizar un seguimento online dos resultados, a través do sitio <http://jaru.ignitiondomain.com>.

Radiocontrol. De ser posible, na metade do percorrido situarase persoal da organización para xestionar a descarga parcial de respostas, para subilos a internet e poder visualizar unha clasificación provisional ata ese punto.

## DINÁMICA DA PROBA

**SAÍDA** : a partir das 12h.

**ÚLTIMA SAÍDA:** 13:30h

A proba realizarase en liña, seguindo a orde establecida no trazado do mapa. Non se poderá saír da pista asfaltada.

Os puntos de decisión estarán marcados cunha estaca. Sobre dita estaca estarán as distintas bases sportident situadas nunha especie de carrusel , cada unha das bases cunha letra (A, B, C...).

**IMPORTANTE: UNHA VEZ QUE SE REXISTRE A RESPOSTA XIRAR O CARRUSEL PARA QUE O SEGUINTE PARTICIPANTE NON PODA SABER A VOSA RESPOSTA.**

Ao final da proba realizarase, por orde de chegada, o control cronometrado.

**Control Cronometrado:** ao final da carreira os participantes, de un en un, terán que resolver tres desafíos de orientación. ***MOI IMPORTANTE NON DESCARGAR A PINZA ATA REMATAR O CONTROL CRONOMETRADO.***

Cando o participante estea situado na zona se lle entregarán os mapas específicos. Terá tres desafíos nos que responder de forma oral ou sinalando sobre unhas letras. Unha vez que da as tres respostas se procederá a rexistrar na pinza as respostas. O control do tempo farase tamén coa pinza do participante pero este non terá que encargarse de rexistralo senón que o fará unha persoa da organización. Contarán con 90 segundos para decidir que balizas son as correctas.

O tempo deterase cando se indica a resposta. Para iso terá un taboleiro no que estará impreso o alfabeto fonético internacional (**Alfa, Bravo, Charlie, Delta, Eco, Foxtrot**).

Todos os corredores e corredoras estarán obrigados/as a pasar por meta e descargar a pinza electrónica.

A proba desenvolverase en silencio, con respecto polo medio e polo resto de participantes, sendo obrigatorio a asistencia a todo corredor ou corredora accidentado/a.

**Rexistro das respostas:** En cada punto de decisión encontraredes varias estacións sportident nomeadas coas letras A, B, C, D e/ou E. Unha vez que saibades a opción correcta marcaredes coa pinza electrónica na base sportident que teña a letra que se corresponde con a resposta elixida. No é posible rectificar.

## **PUNTUACIÓN E PENALIZACIÓNS**

1 punto por cada desafío correcto. Dedución dun punto por cada unidade de 5 minutos que o/a corredor/a se exceda do tempo máximo.

Os participantes serán clasificados en función dos puntos conseguidos. A igualdade de puntos clasificaranse polos tempos acumulados no control cronometrado.

Puntuación no control cronometrado: Unha resposta equivocada recibe unha penalización de 60 segundos que será engadida ao tempo que empregou para responder. Non responder recibe unha penalización de 60 segundos.

## **ENTREGA DE MEDALLAS: 14:00h**

Coincidindo coa entrega de medallas do campionato galego de O-Pé entregaranse medallas ás persoas que consigan o total de puntos e que resolvan o control cronometrado no menor tempo posible.

## **INDICACIÓNS CARTOGRÁFICAS**

**Distancia:** 700m

**Tipo de terreo:** o trazado discorre por unha pista de terra con moi pouco desnivel. Terreo con claros e bosques de pino, zona de edificios, zona de cortados.

**Escala:** 1:4000, equidistancia 5 m

**Trazado:** Natalia Teresa Pedre Fernández.

**Mapa feito e revisado por:** Martín Morales Ferreiro.